



COGAMI

Propostas para incorporar aos programas electorais das distintas formacións políticas de cara a garantir o desenvolvemento dos dereitos e a inclusión social das persoas con discapacidade

DECÁLOGO

1. Elaboración e aprobación da **Lei do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia**.
2. Desenvolvemento do **Concerto Social**, dotándoo da amplitude e flexibilidade necesaria a fin de estender o seu ámbito de actuación a todos os servizos sociais de Galicia.
3. Garantir o **cumprimento efectivo das previsións normativas en materia de accesibilidade universal** a través dunha dobre actuación:
 - Desenvolvemento da Lei de accesibilidade de Galicia a través da aprobación do seu **Regulamento**.
 - A través da acción política, concibindo a accesibilidade como **factor transversal** presente en todos os eidos de actuación política.
4. **Fortalecemento dos servizos de integración laboral** (axencias de colocación) especializados en persoas con discapacidade, potenciando o ámbito da intermediación laboral.
5. Potenciar a **formación e a reciclaxe** das persoas con discapacidade nas novas tecnoloxías, e **nos novos nichos de emprego** (big data, Intelixencia artificial, a Internet das cousas).

Páxina 1

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.

T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal | www.cogami.gal

6. Velar polo **cumprimento efectivo da cota de reserva do 2% na empresa ordinaria** e, de ser o caso, da adopción das medidas alternativas correspondentes, destacando así mesmo, o carácter secundario ou subsidiario destas últimas con respecto ao cumprimento da devandita cota de empregabilidade do 2%.
7. **Potenciar a formación dual ocupacional**, para mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade, sen formación, sen experiencia, ou que teñan que reciclarse.
8. **Prestación de servizos, vía licitacións públicas reservadas a centros especiais de emprego de emprendemento colectivo**, ao abeiro da Lei de contratos do sector público.
9. **Incorporación obrigatoria de cláusulas sociais na contratación pública** dirixidas a fomentar e promover a aquelas propostas que garantan o desenvolvemento de medidas sociais, económicas, medioambientais e de respecto aos dereitos das persoas con discapacidade.
10. **Axudas á promoción da autonomía persoal, dirixidas a persoas con discapacidade**, arbitrando medidas e axudas discapacidade física co fin de garantir a efectiva cobertura das súas necesidades individuais especialmente durante a terceira idade.

ELECCIÓN AUTONÓMICAS GALEGAS 2020

Propostas para incorporar aos programas electorais das distintas formacións políticas de cara a garantir o desenvolvemento dos dereitos e a inclusión social das persoas con discapacidade

O presente documento recolle unha serie de propostas cuxa incorporación aos programas electorais das distintas formacións políticas considérase necesaria a fin de garantir o desenvolvemento dos dereitos e a inclusión social das persoas con discapacidade. As propostas aquí recollidas pretenden ir máis aló de concretas e puntuais peticións de actuación ou desenvolvemento normativo requirindo dunha aposta pola transversalidade no tratamento político e institucional da discapacidade.

PROPOSTAS PROGRAMÁTICAS

A) PROPOSTAS POLÍTICA MARCO

- **Proposta 1.**
Compromiso para considerar a **inclusión da discapacidade** como vector transversal presente en todas as liñas de acción política.
- **Proposta 2.**
Adaptación de toda a **normativa autonómica á Convención** Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade aprobada polas Nacións Unidas en 2006 e asinada e ratificada por España.
- **Proposta 3.**
Elaboración e aprobación da **Lei do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia**.

B) PROPOSTAS E MEDIDAS

1. DE CARÁCTER XERAL

1.1. PRESENZA INSTITUCIONAL

- **Proposta 4.**
Compromiso de **crear** no seo do Parlamento de Galicia unha **Comisión Permanente da Discapacidade**, na cal o CERMI autonómico conte con representación.
- **Proposta 5.**
Incorporación de representantes de organizacións de persoas con discapacidade en todos os órganos de participación que existan na nosa comunidade, como poden ser os relacionados coa educación, sanidade, emprego, urbanismo e edificación, vivenda, transporte, benestar social, consumo, lecer, novas tecnoloxías, muller, etc.

1.2. DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO – ACCIÓN POLÍTICA

- **Proposta 6.**
Desenvolvemento do Concerto Social, dotándoo da **amplitude e flexibilidade** necesaria a fin de **estender o seu ámbito de actuación** máis aló dos servizos sociais de Galicia, a ámbitos como pode ser o emprego ou a sanidade.
- **Proposta 7.**
Adecuación do **Plan de acción autonómico de Atención Temprá ás necesidades das nenas e nenos con discapacidade, ampliando o límite de idade** segundo as necesidades concretas que presente a persoa usuaria.
- **Proposta 8.**
Garantir a participación efectiva das organizacións das persoas con discapacidade nos foros legislativos autonómicos encargados do deseño, regulación, seguimento, avaliación e revisión do **Ingreso Mínimo Vital**.

2. DE CARÁCTER SECTORIAL

2.1. INCLUSIÓN LABORAL

- **Proposta 9.**

Elaboración e posta en práctica dunha **estratexia de promoción da formación e emprego das persoas con discapacidade, debatido e negociado cos axentes sociais e as organizacións de persoas con discapacidade.**

Medida 9.1. **Atención preferente ás persoas con discapacidade, aplicando a perspectiva interseccional:** xénero, ruralidade, grao de discapacidade igual e/ou superior ao 45%, a condición de parada de longa duración, tipo de discapacidade, cronicidade, etc.

Medida 9.2. **Fortalecemento** dos servizos de inclusión laboral (axencias de colocación) especializados en persoas con discapacidade, **potenciando o ámbito da intermediación laboral.** Tan importante como o análise da situación persoal da persoa e das súas potencialidades (orientación), é acceder á captación de ofertas de emprego que se adapten a súa realidade.

Medida 9.3. Potenciar a formación e a reciclaxe nas novas tecnoloxías, e nos novos nichos de emprego (big data, Intelixencia artificial, a Internet das cousas).

Medida 9.4. Potenciar a formación dual ocupacional, para mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade, sen formación, sen experiencia, ou que teñan que reciclarse. Fundamentalmente de aquelas que polas súas obrigas persoais non poden permitirse ciclos de simple formación.

- **Proposta 10.**

Inclusión de oficio en todos os **pregos de contratación administrativa de cláusulas sociais que prioricen ás empresas licitadoras que fagan esforzos de responsabilidade legal e social contratando a persoas con discapacidade, entre elas:**

- Non aceptación dos procedementos de licitación pública de empresas que, malia estaren obrigadas, non acrediten o cumprimento da cota legal de reserva do 2% a favor de persoas con discapacidade.
 - Reserva de polo menos un 10% dos contratos públicos a centros especiais de emprego de iniciativa social
- **Proposta 11.**
Velar polo cumprimento efectivo da cota de reserva legal de emprego ou as súas medidas alternativas. Isto comporta asumir o compromiso de non contratar, asinar convenios ou conceder subvencións a empresas ou entidades que non cumpran a cota legal de reserva de emprego ou as súas medidas alternativas. Mediante unha campaña da Inspección de Traballo sobre o cumprimento e o seguimento de que as medidas alternativas (no seu caso) son xeradoras de emprego e non feitas fraude de Lei.
 - **Proposta 12.**
Potenciar os Centros Especiais de Emprego de emprendemento colectivo, e iniciativa social, entendendo por tales os promovidos por:
 - 1.- Asociacións, fundacións ou outras entidades representativas de persoas con discapacidade, que non teñan ánimo de lucro, que teñan recoñecido o seu carácter de social nos seus estatutos, e cuxos socios/os ou patróns sexan, polo menos o 75%, persoas con discapacidade ou familias de persoas con discapacidade. Que revertan os beneficios nas propias persoas traballadoras ou en accións que favorezan a inclusión das persoas con discapacidade e sempre que a xestión do centro especial de emprego non sexa a súa única actividade.
 - 2.- Sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que a participación maioritaria pertenza a persoas con discapacidade ou ás entidades sinaladas no parágrafo anterior, sexa de maneira directa ou indirecta, conforme á lexislación vixente.
 - 3.- Sociedades mercantís nas que a maioría do seu capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas no apartado 1, xa sexa de forma directa ou ben indirecta a través do concepto de sociedade dominante regulado no artigo 42 do Código de Comercio, e sempre que en todos os casos nos seus Estatutos ou en acordo social se obrigue ao reinvestimento íntegro dos seus

beneficios para creación de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade e á mellora continua da súa competitividade e da súa actividade de economía social, tendo en todo caso a facultade de optar por reinvestilos no propio centro especial de emprego ou noutros centros especiais de emprego de emprendemento colectivo e iniciativa social.

- **Proposta 13.**

Fortalecer a promoción e apoio do autoemprego de persoas con discapacidade mediante a simplificación da concesión de autorizacións ou permisos para a posta en marcha de negocios.

2.2. EDUCACIÓN

- **Proposta 14.**

Adopción das medidas necesarias para garantir a educación inclusiva ao longo de todo o sistema educativo, **considerando etapas fundamentais a atención temperá, a formación profesional, a formación universitaria e a formación de adultos.**

Medida 14.1. Desenvolvemento das liñas e medidas que promovan de xeito apropiado o salto da etapa educativa ao emprego como por exemplo a Formación Profesional Dual para persoas con discapacidade física.

Medida 14.2. Garantir a efectividade da Atención á Diversidade, tanto na educación obrigatoria como na non obrigatoria, dotándoa dos recursos necesarios.

2.3. ACCESIBILIDADE UNIVERSAL (dende unha tripla dimensión: accesibilidade física, accesibilidade sensorial e accesibilidade cognitiva).

- **Proposta 15.**

Desenvolvemento da lei 10/2014 de Accesibilidade de Galicia e posta en valor das funcións encomendadas á Comisión Técnica de Accesibilidade como organismo que deberá de efectuar un seguimento da aplicación da lei, contando para iso coa participación das entidades do movemento asociativo da Discapacidade.

Medida 15.1. Establecemento dun estudo previo de accesibilidade en toda obra ou proxecto de infraestrutura ou servizo suxeito a licenza ou autorización

administrativa previa, ao modo dos estudos de impacto ambiental, sen cuxo ditame favorable non poderá autorizarse e levar a efecto a obra ou proxecto en cuestión.

Medida 15.2. Sometemento rigoroso da concesión das autorizacións administrativas de apertura e funcionamento e das licenzas de obras outorgadas pola administración autonómica á acreditación por parte da promotora de que a construción, a edificación ou o servizo cumpren coa lexislación aplicable en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.

Medida 15.3. Incorporación dos requisitos relativos á accesibilidade á Inspección Técnica de Edificios (ITE), con carácter obrigatorio e non meramente informativo, de xeito que todos os edificios que deban reformarse de acordo cunha ITE integren a accesibilidade universal como un elemento básico e indispensable.

Medida 15.4. Sometemento das subvencións que a nosa Comunidade dedica a entidades públicas ou privadas para a realización de obras ou proxectos de construción, infraestrutura e servizos ao requisito previo de acreditación do cumprimento da lexislación nacional, autonómica sobre accesibilidade universal e eliminación de barreiras que sexa aplicable.

Naqueles casos nos que non fose posible o cumprimento rigoroso dos requisitos de accesibilidade ou os axustes razoables deberá comunicarse á Comisión Técnica de Accesibilidade.

- **Proposta 16.**
Elaboración e aprobación dun plan integral de accesibilidade autonómico, con compromiso de gastos e calendario de execución. Este plan incluíría un compromiso para realizar, no primeiro ano do mandato, unha auditoría integral de accesibilidade nos distintos edificios e dependencias ocupados ou xestionados pola administración autonómica galega e os seus entes ou institucións dependentes, e proseguiría coa execución desas obras de acondicionamento nos anos restantes da lexislatura, con cargo aos orzamentos. Na calendarización das obras darase prioridade a aquelas edificacións ou espazos adscritos a servizos públicos básicos tales como centros sanitarios, educativos, asistenciais, etc.

Medida 16.1. Creación do fondo de promoción da accesibilidade, nutrido polos recursos procedentes de destinar o 1% do importe total do investimento que se dedique anualmente a obras, infraestruturas e novas tecnoloxías.

- **Proposta 17.**

Instar ao goberno autonómico, a través dos órganos competentes, para impulsar a modificación da Lei de Propiedade Horizontal no sentido de facilitar o réxime de adopción dos acordos que teñan por obxecto a realización de obras e actuacións encamiñadas a remover aqueles obstáculos que impidan ou dificulten a accesibilidade universal nas vivendas constituídas en réxime de propiedade horizontal.

Medida 17.1. Obrigación de que as vivendas de protección oficial de promoción pública que promova o Instituto Galego da Vivenda e Solo sexan accesibles universalmente.

Reserva obrigatoria dun tanto por cento destas vivendas a persoas con problemas de mobilidade, comunicación ou comprensión, mellorando os mínimos aplicables. Esta reserva estenderase tamén ás organizacións de persoas con discapacidade para a habilitación de programas de vivendas con apoio, pisos piloto de convivencia, centros de vida independente, etc.

Medida 17.2. Extensión da obrigación de reserva de vivenda adaptada ás iniciativas de carácter privado promovidas polas cooperativas de vivendas, xa que realmente estas promocións constitúen na actualidade a meirande parte do mercado inmobiliario de vivenda de nova construción na nosa comunidade.

- **Proposta 18.**

Mellora da sinalización dos edificios e dependencias públicas co fin de permitir unha mellor orientación das persoas con problemas de comunicación e/ou comprensión, **así como introdución de medidas de seguridade nas obras realizadas na vía pública** para evitar accidentes ás persoas máis vulnerables ou con maior risco de padecelos (persoas con discapacidade, nenas/os, persoas maiores, etc.).

Medida 18.1. Garantía da accesibilidade aos servizos de urxencia que dependan da administración (112, 092, 065, etc.) para todo tipo de persoas con

discapacidade (principalmente persoas con discapacidade sensorial e cognitiva).

Medida 18.2. Garantir o acceso á cultura, así como o cumprimento da lexislación en materia de igualdade de oportunidades e accesibilidade universal, ás persoas con discapacidade e a colectivos vulnerables (persoas con ingresos baixos, persoas con dificultades de lecto-escritura ou dificultades de comprensión, persoas sen estudos, etc.), facilitando e promovendo a accesibilidade universal nos museos, centros culturais ou de arte, bibliotecas, espectáculos, actos, eventos, instalacións deportivas, etc., xestionados ou dependentes da administración (local, autonómica e/ou estatal).

Medida 18.3. Promover a gratuidade do acceso a centros culturais das persoas con discapacidade (museos, centros de arte, etc.) e das persoas de apoio que as acompañen cando se trate de persoas con mobilidade reducida ou teñan acreditada a necesidade de acompañante.

• **Proposta 19.**

Cumprimento rigoroso e mellora da lexislación estatal que obriga a que todas as páxinas de internet públicas, redes sociais, elementos electrónicos vencellados ao proceso de información e demais **ferramentas propias da sociedade da información que son utilizados pola Administración sexan accesibles para persoas con discapacidade ou de idade avanzada.**

- Garantir a accesibilidade universal á Administración electrónica das Consellerías e do Parlamento autonómico para que todas as persoas, sen exclusións, poidan relacionarse coa Administración por medios dixitais.
- Establecemento de zonas de acceso libre a internet (wifi) en todas as dependencias da administración autonómica, así como en vías urbanas de todas as clases, parques e xardíns, elementos e medios de transporte público (autobuses, tranvía, etc.).

2.4. TRANSPORTE E MOBILIDADE

- **Proposta 20.**

En materia de transporte público, **compromiso** por parte da administración **de non adquirir novo material rodante destinado ao transporte público de persoas viaxeiras que non sexa accesible física, sensorial e cognitivamente.**

- Renovación paulatina do material non accesible actualmente en funcionamento.
- Garantía efectiva do mantemento e conservación das distintas medidas de accesibilidade incorporadas ao material rodante en circulación.

- **Proposta 21.**

Reforzar o carácter de servizo público do taxi fronte a outras formas de transporte de persoas viaxeiras por estrada, apostando pola súa conversión nun modelo integramente accesible que garanta a mobilidade de todas as persoas usuarias en todo o territorio. Neste sentido compre **modificar a actual lei dos taxi de Galicia** de maneira que esixa que **todos os taxis sexan accesibles** para todas as persoas, dando así cumprimento á convención da ONU.

Para favorecer a transformación do parque móbil de taxis existente, a Xunta concederá as axudas e subvencións que resulten necesarias para que as/os titulares das licenzas de explotación poidan acometer os investimentos oportunos.

Medida 21.1. Establecemento dun programa de axudas e subvencións (a través de fórmulas como o bono-taxi) para promover o uso de taxis accesibles e atenuar o esforzo económico que soportan as persoas con mobilidade reducida, ou discapacidade sensorial ou cognitiva, usuarias do devandito servizo público de taxi.

- **Proposta 22.**

Compromiso da administración autonómica de **non permitir o uso das beirarrúas para a instalación de carrís-bici**, aínda que a normativa sobre circulación o autorice, reservando este espazo para o uso exclusivo de peóns, co fin de preservar a integridade e a seguridade das/os peóns máis vulnerables (persoas con discapacidade, mulleres embarazadas, nenas/os, persoas maiores, etc.).

2.5. FISCALIDADE

- **Proposta 23.**
No marco da lexislación vixente en materia fiscal, **outorgar o tratamento máis favorable posible para ás persoas con discapacidade e ás súas familias e para as organizacións** nas que se agrupan, aplicándolles as exencións, reducións ou bonificacións máximas que permita a lei nos impostos, taxas e prezos públicos.
- **Proposta 24.**
Inclusión na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, no marco do Concerto Social, da puntualización de que **todos os prezos públicos se entenderán a todos os efectos como prezos finais**, ao marxe de que a entidade prestadora do servizo estea ou non exenta do IVE. Incluindo este aspecto na Lei, poríase fin á circunstancia inxusta e penalizadora que para as entidades supón afrontar o custe do IVE sen poder deducilo posteriormente.
- **Proposta 25.**
Incorporación de **cláusulas sociais na contratación** pública dos servizos de autonomía persoal co fin de recoñecer a calidade e experiencia neste ámbito das entidades da discapacidade.
- **Proposta 26.**
Establecemento da **dedución por donativos a entidades sociais** na cota autonómica do IRPF.
- **Proposta 27.**
Posibilitar a creación de Unións Temporais (UTES) entre organizacións non lucrativas.
- **Proposta 28.**
Dedicar unha **porcentaxe dos fondos que proveñen das sancións** impostas a aquelas empresas que non cumpren a lexislación en materia de PRL, **a entidades** que traballan coas persoas con discapacidade.

2.6. BENESTAR SOCIAL

- **Proposta 29.**

Garantir a efectividade do principio de accesibilidade universal en todas as súas dimensións (física, sensorial e cognitiva) comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para desenvolver todas as actuacións necesarias a tal fin.

- **Proposta 30.**

Atención preferente ás persoas con discapacidade con máis necesidades de apoio en todos os programas de acción, servizos e asistencia sociais que teña a administración (tales como asistencia domiciliaria, programas de vida independente, respiro familiar etc.), e de maneira singular nos que se deriven da **Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia**.

Medida 30.1. Garantir a **complementariedade das prestacións autonómicas** vencelladas ou derivadas da discapacidade co **Ingreso Mínimo Vital** rexeitando políticas e actuacións que poidan resultar restritivas de cara a atender as necesidades das persoas con discapacidade.

- **Proposta 31.**

Garantir unha **cobertura sanitaria adaptada ás necesidades de cada persoa e ás peculiaridades do colectivo** que conforman as persoas con discapacidade, con especial atención nas etapas mais vulnerables (terceira idade, infancia, etc., ...)

- Actualización do catálogo de prestación ortoprotésica e revisión do procedemento de reembolso de gastos.
- Reforzo (ou creación) dos servizos de rehabilitación para a prevención da aparición (ou empeoramento) de discapacidades.
- Garantir que todas as persoas con discapacidade estean incluídas nos mesmos programas e protocolos de prevención que o resto da cidadanía, realizando, se é preciso, accións de discriminación positiva.
- Deseño e implementación de políticas preventivas, especialmente para a abordaxe do reto do envellecemento da poboación con discapacidade e con enfermidades crónicas.

- Desenvolvemento dun plan de atención á cronicidade con especial atención ás enfermidades minoritarias e discapacidade orgánicas, favorecendo o traballo de “Equipos Interdisciplinares”, a figura da Enfermería xestora de casos, e o deseño de protocolos para a derivación de persoas doentes entres servizos e hospitais.
 - Inclusión de alternativas terapéuticas e novas terapias para persoas con enfermidades raras, e favorecer a participación no proceso das entidades representantes das mesmas.
 - Coordinación, cooperación e integración entre os diferentes recursos, servizos e dispositivos, sociais e sanitarios, que necesite cada persoa.
 - Concreción e preparación de figuras profesionais que conformen “Equipos Interdisciplinares” con participación multiprofesional.
 - Fomentar a sensibilización de profesionais sanitarios e de servizos sociais sobre as persoas con discapacidade. Promover a participación activa de persoas con discapacidade nestes procesos de formación e sensibilización.
 - Incorporar a metodoloxía de planificación integral de apoios centrados en cada persoa, de forma que se xere para cada persoa un plan de actuación específico.
- **Proposta 32.**
Recoñecer como **dereito subjectivo** o acceso aos servizos para a promoción da autonomía persoal e a prevención da situación de dependencia, para **aquelas persoas con discapacidade** que estean fóra dos Servizos da Lei 39/2006.
 - **Proposta 33.**
Clarificar e cumprir a normativa de **Dependencia**, e simplificar e optimizar a **Carteira de Servizos**, adaptando perfís e servizos á realidade.
 - **Aumentar o financiamento autonómico** para o desenvolvemento das políticas de promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade e ás súas familias.

- **Revisión do copago** e incidencia para a súa consecución ante órganos competentes, polo menos acorde coa proposta do CERMI (IPREM 2,5 veces).
- **Proposta 34.**
Desenvolver a figura da/o Asistente Persoal como mellor mecanismo para a vida independente das persoas con discapacidade, dotándoa do financiamento necesario para que poida dar cobertura ás necesidades individuais de cada persoa usuaria.
Medida 34.1. Desenvolver **novos servizos** que se **adapten aos perfís das persoas con discapacidade física** co fin de garantir a efectiva cobertura das súas necesidades individuais especialmente durante a terceira idade de xeito que poidan envellecer dentro da súa contorna natural.

2.7. CULTURA

- **Proposta 35.**
Formación daqueles **profesionais** da administración autonómica que interveñen no deseño, xestión, realización, información e soporte das actividades culturais, recreativas, deportivas e de lecer sobre as tipoloxías características e sistemas encamiñados a garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade no eido da cultura, do deporte e do lecer.
- **Proposta 36.**
Creación de programas centrados no lecer inclusivo, tempo libre e respiro familiar.
 - Garantir a participación de persoas con discapacidade nos grupos convencionais de práctica deportiva existentes ou en grupos específicos, así como no resto de actividades organizadas (campionatos escolares, escolas deportivas, programas deportivos, etc.).
 - Potenciar a inclusión do deporte das persoas con discapacidade tanto nas competicións ordinarias como nas específicas, así como apoiar ás distintas federacións e organizacións de deportes de persoas con discapacidade.

- Apoio ás/aos deportistas paralímpicos do territorio e elaboración de programas de fomento do deporte base.

-

2.8. XÉNERO

- **Proposta 37.**

Incorporar en todas as políticas, estratexias, programas e accións da administración a **perspectiva de igualdade de xénero e discapacidade e promoción dos dereitos** das mulleres e nenas con discapacidade, con **perspectiva interseccional e integral**.

- Aprobación e execución dun plan de acción a favor da muller con discapacidade, no que se recollan e instrumenten medidas de todo tipo a favor da plena inclusión das mulleres con discapacidade do territorio con especial incidencia no ámbito rural. O devandito plan debe elaborarse de acordo coas organizacións representativas de persoas con discapacidade e as súas familias.
- Elaboración , aprobación e desenvolvemento de programas, medidas e plans de atención ás situacións de violencia contra as mulleres con discapacidade.

2.9. OUTRAS MATERIAS

- **Proposta 38**

Potenciar e facilitar unha **efectiva coordinación das intervencións** entre as distintas Administracións Públicas (Consellerías, entidades locais, ...), para que se traballe con eficiencia e eficacia e as intervencións teñan un impacto inmediato nas persoas.

Medida 38.1. Potenciar o funcionamento dos **Equipos de Valoración e Orientación da discapacidade e da dependencia** a fin de **acortar os actuais tempos de agarda**.

Medida 38.2. **Redución burocrática** no eido da discapacidade e as entidades sociais de persoas con discapacidade.

2.10. IMAXE SOCIAL

- **Proposta 39.**

Cobertura informativa da discapacidade dunha forma **inclusiva nos medios de comunicación** de titularidade pública e na **publicidade**.

Medida 39.1. Posta en marcha de campañas de sensibilización, toma de conciencia e educativas de forma periódica e sistemática, dirixidas a todos os grupos de poboación do ámbito do autonómico, sobre a realidade das persoas con discapacidade.

Medida 39.2. Potenciar o uso dunha terminoloxía e imaxe axeitada para referirse ás persoas con discapacidade, libre de estereotipos e estigmas.

Medida 39.3. Eliminación das barreiras no proceso comunicativo (lectura fácil, uso de subtítulos, a lingua de signos, pictogramas, etc.).

Medida 39.4. Tratamento da discapacidade de modo transversal.

3. DE CARACTER TRANSVERSAL DERIVADAS DA SITUACIÓN POST- COVID 19

Como consecuencia da situación orixinada trala crise sanitaria derivada do COVID-19 consideramos convinte facer fincapé nalgúns aspectos cuxo carácter transversal inflúe sobre a meirande parte das medidas aquí recollidas. Trátase de principios e criterios de actuación, cando non de máximas interpretativas, que haberán de ser implementadas segundo a evolución dos acontecementos que conforman a incerta realidade que hoxe estamos a atravesar pero que en calquera caso requiren dun compromiso e esforzo por parte dos poderes públicos ao cal non debe ser alleo, e deberán corresponder, as entidades que conforman o Terceiro Sector.

3.1. REVISIÓN DOS SOBRECUSTES DERIVADOS DAS MEDIDAS DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN

- **Proposta 40**

Medida 40.1. Reconfigurar os acordos de financiamento preexistentes e dotar de **novas liñas de apoio económico - financeiro ás entidades**

prestadoras de servizos sociais, así como ás libranzas, co fin de asumir o custe excepcional pero imprescindible dos equipos de protección, inversións ou adecuacións de centros, servizos, programas e actividades, tanto respecto do persoal que se encargue da súa execución como das propias persoas participantes ou usuarias do servizo, programa ou actividade en cuestión.

Medida 40.2. Revisión da fiscalidade, taxas e prezos públicos, con especial referencia a aquelas adquisicións de material de protección e hixiene esixido por motivo da situación xerada pola pandemia do COVID-19 así como do resto de material que sexa imprescindible de cara a garantir a atención ás persoas con discapacidade en condicións de máxima seguridade e salubridade.

3.2. PROTOCOLOS INCLUSIVOS E ACCESIBLES

- **Proposta 41**

Medida 41.1. Que as formulacións sectoriais que se arbitren na Comunidade Autónoma de cara á abordaxe da nova realidade de calquera ámbito: educativo, sanitario, económico, empresarial, cultural, deportivo, etc, ... incorporen a perspectiva interseccional da discapacidade, como elemento transversal.

Medida 41.2. Que os “**protocolos**” a través dos cales se afronte a regulación **dos requisitos e condicións que haberán de ser observados en cada un dos distintos ámbitos** sexan concibidos dende un punto de vista plenamente respectuoso cos principios de accesibilidade e universalidade establecendo, se fose preciso, **novos modelos de atención e garantía de dereitos das persoas con discapacidade**, e das súas familias, que garantan e promocionen o exercicio dos seus dereitos, o seu benestar e minimize os riscos, dotando ás organizacións, ás persoas con discapacidade e ás súas familias, de recursos tecnolóxicos axeitados e das medidas de apoio necesarias centradas na persoa.